



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E DOUS DE XUÑO DE 2016, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN
	D ^a . MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
	D ^a : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día vinte e dous de xuño de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores (30/05/2016).

Dáse conta das actas das sesións celebradas o día trinta de maio do ano que andamos .
O Sr. Pose do BNG expón que non se incluíu na acta da sesión ordinaria o informe sobre do muro de San Xián nin os seus anexos, tal e como solicitou.

O Sr. Secretario di que é unha cuestión que ten que decidir a Presidencia, e que nunca se incorporou á acta, que forma parte do expediente do pleno e que en calquera momento se pode consultar.

O Sr. Pose solicita de novo que se incorpore o informe completo e os seus anexos.
A Presidencia di que queda pendente de aprobar.

2º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG para acadar un acordo municipal respecto ao acceso ao emprego público no concello.

Dáse conta do informe da Comisión Informativa de Asuntos Xerais do día vinte de xuño:

“ Dáse conta da moción presentada polo BNG-A.A Vedra na que expón que nos procesos de selección do persoal municipal, ou adscrito a entidades dependentes do



ámbito municipal unha das pezas fundamentais é a entrevista persoal, xa que nesa entrevista decídese o 99% dos procesos de selección.

Dado que a recente reforma laboral introduce unha modificación na Lei de infraccións e sancións de orde social, pola que certas preguntas persoais considéranse ilegais, e polo tanto os entrevistados non só poden negarse a contestalas, senón que adquiren o dereito de demandar á empresa que realiza a entrevista, e é a empresa a que ten que probar que o obxecto da denuncia é falso, e ademais o entrevistado pode acudir provisto de gravadora co que se asegura as probas necesarias nun proceso xudicial.

Por todo iso estandarizar un sistema de gravación audiovisual da fase de entrevista en todos os procesos selectivos que atinxan ao concello, respectando a Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais resultará de sumo interese para garantir o dereito de acceso xusto a postos de persoal laboral, dotando ao concello dunha estrutura de transparencia absoluta en todo o proceso, e permitindo ás persoas que realizan o proceso de selección un acceso á defensa xusto, reducindo o factor de subxectividade do sistema de entrevistas persoais, achegando como anexo á moción informe xurídico sobre da creación dun rexistro de gravacións de probas orais de selección de persoal.

Por todo iso e amparados na viabilidade tanto no plano do dereito laboral como no relativo á Lei Orgánica de Protección de Datos, solicitan o apoio do pleno para aprobar o seguinte acordo:

1º.- As bases da convocatoria para cubrir prazas de funcionarios ou persoal laboral, serán aprobadas polo Pleno da Corporación. Cando pola súa urxencia derivada da necesidade de cubrir temporalmente ou interinamente unha vacante non contemplada na oferta de emprego público, ou pola necesidade de cubrir unha substitución, non se poidan aprobar as bases da convocatoria en pleno, aprobaranse por unha comisión creada ao efecto con representación de todos os grupos políticos e voto ponderado.

2º.- O Concello de Vedra arbitrará os mecanismos para cubrir as substitucións que se produzan no persoal por baixas, excedencias, vacacións ou permisos, elaborando unha lista de espera co persoal que aprobou sen praza o último procedemento selectivo. Cando isto non sexa viable, por ter sido hai máis de 2 anos este proceso, ou por non haber persoal con probas superadas para elaborar esta lista, elaboraranse unhas bases sinxelas para a creación de listas de cobertura temporal, polo procedemento marcado no punto 1.

3º.- As convocatorias de prazas e as súas bases serán obxecto de máxima difusión e publicidade, no taboleiro de anuncios do concello e casas municipais, taboleiros das parroquias, boletín informativo municipal e páxina web, ademais do obrigado anuncio no BOP, e da posible e desexable difusión nos diarios de maior tirada local.

4º.- O prazo para a presentación de instancias dos posibles aspirantes dende a publicación da convocatoria non será nunca inferior a 15 días, e será como mínimo dun mes para as prazas integradas na oferta de emprego público.

5º.- A publicidade para a cobertura de prazas temporais de Plans de Cooperación e Fomento do Emprego da Xunta de Galicia, Obradoiros de Emprego, etc, será tamén como no punto 3 (agás no que se refire a BOP), indicándose como é o procedemento de selección.

6º.- Realizar, de acordo ao informe xurídico sobre da creación dun rexistro de gravacións de probas orais de selección de persoal emitido pola letrada Rogelia M.



Pérez Grela, e incluíndo no Anexo I do presente documento, en particular en relación ao apartado C.- “Análise do cumprimento das obrigas impostas pola LOPD para a gravación das probas de selección”, a gravación de todas as entrevistas persoais de todos os procesos de selección nos que participe o concello, tanto de maneira individualizada, como coordinada con outros concellos, de maneira que esta medida sexa condición indispensable para realizar colaboracións inter-municipais de selección de persoal laboral, tanto de duración determinada como indefinida, e independentemente de onde proceda a fonte de financiamento destas contratacións.

Despois de diversas intervencións e debate ao respecto, a Comisión de Asuntos Xerais, co voto favorable do BNG-AA Vedra e as abstencións do PP e PSdG-PSOE, informa favorablemente a citada moción.”

O Sr. Pose do BNG –AA Vedra expón que presenta a moción para intentar dignificar os procesos de selección de persoal municipal, e que a idea é evitar no posible que a entrevista persoal sexa o elemento determinante á hora de acceder á praza, e centrar o proceso na valía técnica do opositor. Os concellos están inzados de traballadores contratados cuxo proceso de selección realízase mediante un currículo e entrevista persoal, que teoricamente permite validar os coñecementos que o futuro traballador expón. Desta entrevista non queda rexistro, de maneira que é imposible calquera reclamación, e a consecuencia é que existe unha tendencia natural nos equipos de goberno municipais que utilizan este proceso ao seu favor, de maneira que amigos, familiares ou débedas electorais sexan pagados con postos de traballo que periodicamente terminan consolidándose, pasando a constituírse en funcionarios de carreira, querendo deixar constancia que non hai dúbida que neste concello non acontece isto.

Este sistema crea un tecido de dependencias nos municipios, fundamentalmente nos de menos de 10.000 habitantes, que fan dos servizos de contratación municipal focos de tensión e corruptelas e piden que os traballadores municipais sexan por definición os mellores dos que se presentan aos procesos de selección, substituíndo o mérito técnico polo mérito social, sen contar o máis obvio, ningunha calidade que mingua o servizo prestado.

Propón pois, un sistema de garantías que permita exercer o dereito de reclamación e revisión de probas orais realizadas a través de entrevistas, e que permiten da mesma maneira a revisión comparada entre os que se presentan ás probas de selección de maneira que incluso serven como testemuñas en caso de reclamacións por vía xudicial, amparando legalmente ao concello, que é unha das partes e posibilita o exercicio dos dereitos dos examinados.

O sistema proposto é mediante a creación, de acordo coa Lei de protección de datos, dun rexistro de gravación audiovisual das entrevistas persoais, a parte de propoñer unha serie de medidas alternativas para garantir que os procesos de selección sexan limpos e xustos.

Sinala ademais que a moción aválase mediante un informe xurídico realizado por dona Rogelia M. Pérez, avogada experta en dereito de protección de datos e novas tecnoloxías, e é unha solicitude feita por veciños de Boqueixón e BNG-AA Vedra.

Sinala que a moción non é onerosa para o concello, non supón ningún gasto, e é unha mera garantía máis para quen realiza o proceso de selección, non supón ningún custe, e trátase dun procedemento que se está a utilizar cada vez máis nun montón de procesos de selección de persoal, incluso na Xunta de Galicia, no corpo de inspectores e



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



subinspectores de facenda , nos procesos de xuíces e fiscais xa hai tempo, e en moitas empresas privadas, e cada vez máis nas Administracións Públicas, incluso xa nalgún concello.

Para rematar di que a proposta é que se innove en Vedra e que sexa un concello punteiro nestes temas, que vén avalado por transparencia internacional.

O Sr. Lema do PP di que o seu grupo ten dúbidas sobre deste procedemento, que entende que é presentado de boa fe, e loxicamente non supón que haxa ningún tipo de sombra de dúbida sobre dos funcionarios e laborais deste concello actuando como tribunais de prazas, e por esa razón tamén se abstiveron na Comisión Informativa para estudar un pouco máis o problema das entrevistas orais e esa proposta que fan de facer unha gravación desta parte do proceso. Como realmente non acaban de velo e por outra banda fíxose unha consulta coas centrais sindicais do concello, presentan unha contraproposta que consiste en eliminar a entrevista oral dos procesos selectivos deste concello, sempre loxicamente que sexa posible, que será sempre, agás que se trate dunha convocatoria que veña dun ente superior, como a Xunta ou a Deputación, e que estableza nas súas bases, que neste caso se substituirá por unha proba escrita, de tal xeito que os dereitos e garantías da proba queden efectivos, e sexan viables á hora de levar o tema a unha reclamación, ou contencioso, agradecéndolle que presente o informe da letrada, pero que ao seu entender ten zonas de sombras.

O Sr. Pose procede á lectura do informe da letrada “Estímase procedente conforme á LOPD a creación dun rexistro electrónico das probas orais. Para a creación de dito rexistro terán que cumprirse as previsións da LOPD e o seu regulamento de desenvolvemento. Acredítanse os numerosos beneficios que poden extraerse da gravación de ditas probas para asegurar a igualdade de oportunidades, a transparencia administrativa e a tutela xudicial efectiva” e polo tanto non existe dúbida posible. Sinala tamén que os exames escritos xa se fan, polo que o equipo de goberno está a propoñer o que xa se fai, e precisamente nas excepcións das que fala é cando propoñen facer a entrevista.

Polo que respecta á alternativa, dille que presenten unha moción, e que se debaterá, que o seu grupo agora está en defender a súa moción presentada.

O Sr. Lema di que o seu grupo rexeita a moción presentada e faille esa oferta de eliminar a entrevista persoal, que é o que consideran máis correcto, que os sindicatos do concello din no seu informe “ non ven necesario a realización da entrevista , a non ser que sexa decisiva para a contratación, coa excepción de que no caso de contratacións subvencionadas pola Xunta ou Deputación veñan establecidas nas bases, pero en ningún caso pode ser determinante e só se debe usar como aclaración do currículo ou aclaración de méritos” Neste caso as preguntas faranse e contestarán por escrito.

O Sr. Pose di que entón que se aproben os dous casos: eliminar a entrevista e no caso de que se teña que facer que se grave, posto que dado que non se vai facer que máis lles dá aprobar a moción.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que se van abster, e que o outro día preguntou na Comisión se todas esas cuestións que veñen na moción (publicidade, ...etc) se se facía, e dixéronlle que si. No tema das gravacións, entenden que nas entrevistas non hai políticos, que se fan por técnicos e traballadores do concello, e polo



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



tanto non cre que sexan con mala intención ou teñan lagoas legais; aínda que si efectivamente poden ser máis transparentes se as persoas dan o seu consentimento, pero dado que tampouco teñen claro que se vai conseguir máis transparencia vanse abster, porque ademais entenden que non depende deles nestes momentos, o que si reclama é que sempre exista nos procesos unha proba escrita.

O Sr. Pose expón que non é certo que se veña cumprindo, pois a última vez que se trouxeron a un pleno unhas bases de contratación foi no ano 2011 cando gobernaba Odón Cobas, e tan pronto o PP entrou no goberno deixaron de cumprilo. Sinala que non hai listas de substitución que coñeza en ningún sitio e o único que si se cumpre é o prazo de 15 días que marca a lei estatal.

Dille que están a desprezar un traballo multidisciplinar de moitos meses e de moita xente, posto que traballaron veciños de Boqueixón, afíns ao BNG, ás Mareas, ao PSOE, dándolle ás grazas especialmente a un concelleiro do PSOE doutro concello pola colaboración no tema legal, e inclusive xente do PP, sinalando que os razoamentos que esgrimen uns e outros parécenlle simples, chamándolle a atención especialmente o parecer dos sindicatos de Vedra, posto que consultado con sindicalistas que non son do concello estaban de acordo coa moción.

De seguido fai unha apreciación política e non de carácter técnico do que está a acontecer: a moción é unha ferramenta legal sen custo para o concello, avalada por un informe xurídico realizado por un gabinete especializado en protección de datos e novas tecnoloxías, e que non aproban a moción porque xa teñen acadado unha maioría absoluta e que o xogo que tiñan con eles na lexislación anterior de ser condescendentes coas súas iniciativas xa non ten sentido nesta situación, afirmando que na anterior lexislatura non terían ningún problema en ter aprobado esta iniciativa. Di ademais que non aproban a moción porque a maioría absoluta acadada ante a incapacidade manifesta por mudar absolutamente nada da dinámica municipal na que nos meteu o PSdG-PSOE: endebedamento, descenso da poboación, fracaso no desenvolvemento do polígono, incapacidade do PXOM, ... necesitan aproveitarse das miserias a través do miúdo de pequenas contratacións que se realizan dende esta institución, non é que sexa ilegal, senón que a necesitan, porque sen maioría absoluta nunca gobernarían. Non aproban a moción porque a súa maioría absoluta é importante para o partido ao que representan, ademais de ser moi ben guiados, posto que o Sr. Ignacio Codesido acaba de rexeitar a moción cos mesmos argumentos esgrimidos hoxe aquí; porque son o que son, representan o que representan e defenden o que defenden, un partido que está investigado pola xustiza por organización criminal, falsidade, branqueo, asociación ilícita, un partido que paga as reformas da súa sede con cartos negros, con cinco tesoureiros imputados, con caso de financiamento ilegal, ...son a imaxe pois dunha decadencia dende o seu punto de vista.

Para demostrar o cinismo que supoñen as actuacións que teñen hoxe aquí, failles entrega dun extracto da acta da sesión plenaria do 27 de marzo de 2008, cando gobernaba Odón Cobas, e cando eran aínda máis condescendentes co BNG, na que co voto do Sr. Martínez se aprobou unha moción do BNG para acadar un acordo municipal ao respecto do acceso ao público no concello de Vedra, onde os puntos do 1 ao 5 da moción xa ten vostede aprobado no ano 2008; pero obviamente trátase de mocións presentadas polo BNG que sistematicamente quedan esquecidas, recordándolle que non hai moito falouse aquí dunha moción para regular as subvencións que segue a incumprirse despois de ser advertido neste pleno que se estaba a incumprir, esixindo polo tanto o cumprimento dos puntos 1 ao 5 da moción.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Aparte tomaron recentemente a decisión política de crear un procedemento de control de asistencias no concello de Vedra, para o que lle pide o seu apoio para crear a base de datos, e na Comisión Informativa preguntoulle se neste concello existía absentismo, contestándolle obviamente que non, que era simplemente unha medida para evitar os rumores que corrían polo concello, e paradoxalmente cando el defendeu esta mesma moción na Comisión, aseguroulle que dende o goberno do PP non existían trampas nos procesos selectivos, e o BNG o que defende coa moción é precisamente un elemento que dea garantía fronte aos rumores que percorren o concello, polo que obviamente o razoamento que serve para desmontar a súa moción serve para aprobar a outra.

Adiántalle que votará a favor do contido da base de datos que pretenden artellar, pero a decisión política terana que defender eles fronte aos traballadores do concello.

Para rematar e en canto á abstención do PSOE, indica que en Vedra a suma de votos do PP e do PSdG-PSOE nos últimos catro anos baixaron un 20%, e que na redacción da moción participaron persoas do PSOE de concellos limítrofes, e de feito vaise presentar nalgún concellos gobernado por eles, para ser aprobada en breve, indicando que na anterior lexislatura criticou moito a actitude colaboracionista co PP do Sr. Alvela de TEGA, pero hoxe reconece que era unha persoa moi intelixente posto que non se movía nada no concello sen o seu coñecemento, xa que se necesitaba a súa abstención, pero a abstención do PSdG-PSOE na actualidade non serve para nada, porque o equipo de goberno ten maioría absoluta.

A Presidencia di que é certo que estamos en campaña pero que isto non é un mitin, e que o Sr. Pose pretende dar unha imaxe de que agora temos maioría absoluta e polo tanto votamos en contra de todo o que presenta o BNG, o que non é certo, e o mellor exemplo é a moción presentada polo BNG sobre do IBI no anterior pleno, que consideraron correcta e beneficiosa para os veciños e apoiárona, e se ten tempo buscará información sobre das mocións que apoiaron do BNG e cantas presentadas polo PP noutros concellos foron apoiadas polo BNG.

En canto á moción di que se o problema son as entrevistas que se eliminan, e que dende logo non se volverá facer unha entrevista no que dependa do concello nos procesos selectivos, e se se fan a partir de agora están no seu dereito a criticalos.

O Sr. Lema expón que o Sr. Pose lle critica a maioría absoluta e que cada quen ten a representación que decidiron os electores de Vedra, que o PP ten a responsabilidade de gobernar e o BNG da oposición. Sinala que van rexeitar a moción posto que non están de acordo coas gravacións, porque non as consideran necesarias, dado que xa non van existir.

Polo que respecta ás listas di que comezan a existir, así por exemplo na ludoteca fíxose un procedemento e hai unhas listas das que se vai tirar, e ese vai ser o camiño do equipo de goberno nos respectivos postos, e que a súa opinión é moi respectable pero a deles tamén.

Dona Beatriz Amenal quere deixar claro que xa preguntou na Comisión Informativa se se estaban a cumprir os puntos do 1 ao 5, e dixéronlle que si, e se non é certo apoian estes cinco puntos, pero en canto á entrevista teñen as súas dúbidas, que eles falan das entrevistas que se fan no Concello de Vedra non noutros, e que dende logo a súa postura é tan válida coma as outras e están no seu dereito de tomar as decisións que consideren oportuno.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



O Sr. Pose di que as listas tiñan que estar feitas dende hai cinco anos, que tiñan a obriga legal dunha moción aprobada polo PP, coa abstención nese momento tamén do PSdG-PSOE, e que quere que as bases se traian ao pleno, que se creen as listas, e que o pleno é o foro de facer política non outros lugares.

A Presidencia contéstalle ao Sr. Pose que o equipo de goberno non ten que traer mocións ao pleno para aprobar, posto que estes temas pódese determinar directamente a Alcaldía, non obstante que o vai ter e non ten problemas en facelo nestes días.

O Sr. Lago do PSdG-PSOE dille ao Sr. Pose que non fará política nas tabernas, pero que nas redes sociais son os máis críticos, crendo que o órgano oficial para facer política e tomar decisións é o pleno municipal, contestándolle o Sr. Pose que o fan todos, incluído o Sr. Pedro Sánchez do PSOE.

Para rematar o Sr. Lema di que neste concello nunca se tivo en conta a cor política de ningún para as contratacións ou subvencións.

Posta a votación, a citada moción rexeitase con sete votos en contra do PP, catro abstencións do PSdG-PSOE e dous votos a favor do BNG-AA Vedra.

3º.- Ratificación, se procede, de Resolución da Alcaldía nº 194/2016 pola que se crea o ficheiro Control de Presenza (xestión dos datos de carácter persoal necesarios para o control horario, xestión de vacacións, concesión de permisos e licenzas do persoal ao servizo do concello).

Dáse conta da Resolución da Alcaldía nº 194/16, de data seis de xuño, que di o seguinte:

“ O artigo 20 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, establece que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das Administracións Públicas só poderán facerse por medio de disposición xeral publicada no Boletín Oficial do Estado ou diario oficial correspondente.

A entrada en vigor do Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD 15/1999), aprobado mediante o Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro (RD 1720/2007), introduciu, a través dos artigos 53 e 54, algunhas novidades en canto á forma e contidos da disposición, destacando a necesidade de especificar o sistema de tratamento do ficheiro, podendo ser automatizado, non automatizado ou parcialmente automatizado.

No exercicio das competencias que teño atribuídas, e a fin de cumprir co establecido no artigo 20 da mencionada Lei, así como do artigo 52 do Regulamento de desenvolvemento da mesma,

RESOLVO:

Primeiro .- Crear o ficheiro incluído no Anexo desta Resolución de Alcaldía co nome de CONTROL DE PRESENZA”, en cumprimento do artigo 20 da Lei Orgánica 15/1999 e o artigo 54.1 do Regulamento de Desenvolvemento. Este ficheiro será o correspondente



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



ao novo servizo de control horario de entrada e saída do persoal municipal no seu posto de traballo.

Segundo .- Os ficheiros que se recollen no anexo desta Resolución, rexeranse polas disposicións xerais e instrucións que se detallan para cada un deles, e estarán sometidos, en todo caso, ás normas legais e regulamentarias de superior rango que lles sexan aplicables.

Terceiro .- Resultando que este concello dispón da regulación dos ficheiros de datos de carácter persoal do CONCELLO DE VEDRA, aprobada inicialmente por acordo plenario do 14 de maio de 2014, e publicado o seu texto definitivo no Boletín Oficial da Provincia núm. **137**, de data **21** de **xullo** de **2014**.

Cuarto .- En cumprimento do artigo 55 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 15/1999, os ficheiros serán notificados para a súa inscrición no Rexistro Xeral de Protección de Datos no prazo de trinta días desde a publicación desta Resolución de Alcaldía no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto .- A presente Resolución de Alcaldía entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

O Sr. Pose do BNG-AA Vedra pregunta se o que se vai votar é simplemente os datos a incluír no ficheiro, e se efectivamente conta coa aprobación dos delegados sindicais do Concello.

A Presidencia di que se falou con eles, e que non se vai a facer nada en contra das organizacións sindicais.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE expón que só se trata de ratificar o acordo tomado polo equipo de goberno, que a eles non lle consultaron dende logo, senón que o decidiron eles pola súa conta, facendo unha comparativa do seu custe de 200 euros/mes, que supoñen 2400 euros/anuais, co proxecto por exemplo de Hortas de Compostela, que o seu grupo valorou no pleno, preguntando se non existiría un sistema máis económico.

A Presidencia di que é unha decisión do equipo de goberno, pero polo tema de protección de datos ten que aprobarse no pleno a creación do ficheiro de presenza, sinalando que no tema de cartos se poden facer múltiples comparativas, que no proxecto de Hortas de Compostela esa é a achega municipal pero que conta con máis financiamento, e que pode ser beneficioso para os traballadores para o seu control horario, vacacións, permisos, ...etc, e polo tanto o investimento é razoable para os beneficios que se poden obter.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda ratificar a citada Resolución.

4º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

--Ás preguntas de dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE, a Presidencia contéstalle:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



1.- Sobre da colocación da marquesiña en Cornado, di que aínda non está colocada, e posiblemente esa e outras tres que fan falta non se poderán colocar ata os orzamentos do vindeiro exercicio.

2.- En canto aos investimentos na pista polideportiva de Santa Cruz, di que neste exercicio se aprobaron dous orzamentos de 6.292,00 e 3.509,00 euros , ademais do investimento que se fixo no ano pasado de 60.415,61 euros , para o que existía unha subvención.

3.- Sobre da limpeza da pista que vai de Bazar a Paizás, cédelle a palabra a 1ª Tenente de Alcalde e concelleira de obras, dona Mª. Jesús Piñeiro Caldelas, que di que foi a comprobar o estado da mesma e efectivamente faríalle falta unha limpeza, ao igual que outras, pero dado o momento e á dispoñibilidade de persoal agora non se pode levar a cabo, se ben no outono o equipo de goberno ten previsto levar a cabo unha limpeza de gábeas nas pistas municipais.

4º.- Polo que respecta ao dispositivo contra incendios, di que xa se puxo en marcha o mesmo que anos anteriores, que instaurou o PSdG-PSOE cando gobernaba, e que certamente é un sistema práctico, útil, áxil, ademais en coordinación coas brigadas da Xunta de Galicia, e que en anos pasados ten demostrado a súa eficacia, esperando que neste verán non se teña que utilizar, incluso- di- se vai introducir unha mellora para evitar unha dificultade coa que se estaban a atopar: as boquillas das cisternas non coincidían coas das motobombas, e preténdese ter preparadas as mesmas para que non existan problemas de transferencias de auga.

--Ás preguntas do Sr. Castro do BNG-AA Vedra, a Presidencia contéstalle:

1º.- Sobre do reparto de alimentos, que lle solicitou información ao departamento de servizos sociais, que lle informaron que os alimentos recollidos se repartiron todos no mes de marzo ás familias que xa viñan sendo beneficiarias dun reparto mensual de alimentos, estando arquivados no departamento os xustificantes das familias cos alimentos entregados.

Sinala ademais que o motivo de repartilos en marzo, foi que nos meses de xaneiro e febreiro xa estaba programado o reparto dos alimentos comprometidos coa Cruz Vermella e coa Fundación Amigos de Galicia.

Fala tamén da problemática que existe no reparto dalgúns alimentos, como a pasta, que cando se lle fai entrega ás familias de máis cantidade da que necesitan para un certo tempo, estas á súa vez danllos a familiares que non o necesitan.

2º.- En canto ao uso de determinados produtos por parte de Fomento nas beiras das súas estradas , di que se fixo a solicitude para que deixen de utilizalos.

3º.- Polo que respecta á débeda con Viaqua, SAU, di que a primeira incorrección que cometen é que a citada empresa nunca presentou unha reclamación por incumprimento do contrato, senón que o que reclamaba era unha subvención a efectos do equilibrio financeiro da concesión de conformidade co establecido no artigo 127 e no prego de condicións daquel momento.

O Concello nese momento comprobou a obriga de pasarlle a recadación das taxas por saneamento e que non se viñan facendo dende o goberno anterior. Viaqua, SAU reclamaba 214.000 euros máis os xuros correspondentes, cantidade coa que o Concello para nada estaba de acordo, co que comezaron as estratexias procesuais, pero o importante é o resultado final



Sinala ademais que nese afán de espallar os datos por aí, o BNG buscaba a confusión, ao afirmar que o concello lle debía máis de 200.000 euros a Viaqua, cando o correcto era dicir que iso era o que Viaqua reclamaba.

O tema acabou no contencioso, e na fase de proba hai unha pericial xudicial, onde conclúe que non está acreditado o desequilibrio económico financeiro en tal concesión, en concreto di que non se achega documental contable que acredite tal desequilibrio económico financeiro na concesión, non obstante “según la documentación aportada por la demandada y analizada en el anexo IV se pone de manifiesto que existen importes pendientes de cobro y que según el pliego de la concesión corresponden a la demandante, y que ascienden a 91.239,00 euros” que vén sendo o importe das taxas do padrón de sumidoiros, que curiosamente contabilizan tamén as do exercicio 2015.

A raíz da pericial os letrados teñen unha xuntanza e alcánzase un acordo xudicial, hai un auto do Xulgado do Contencioso de Santiago do 13/01/2016, no que “se reconoce que la cantidad que el Ayuntamiento de Vedra adeuda a la entidad Viaqua, Gestión Integral de Augas de Galicia SAU, asciende a la cantidad de 91.239,00 euros, cantidad fijada por el perito judicial D. Carlos Rodríguez Alba. Que el pago de dicha cantidad se hará efectiva en 2 plazos; el primero en el mes de abril 2016 y la otra mitad en el mes de abril de 2017. Las partes solicitan del Juzgado que dicten resolución homologando el presente acuerdo y sin hacer expresa imposición de costas, asumiendo cada parte las causadas a su instancia”, polo que o acordo acadado é bo para o concello, posto que a empresa non segue reclamando, non hai costas, nin xuros, e certamente hai que pagar en dous anos, pero non temos que pagar algo por incumprimento do contrato do Alcalde, nin deste nin do anterior, pagamos nin máis nin menos o que vén establecido na concesión.

--Ás preguntas do Sr. Pose do BNG-AA Vedra, a Presidencia contéstalle:

1.- En canto á débeda do BBVA, que non está a facer as achegas económicas que lle corresponden como propietario dunha parte dos terreos do polígono industrial nin o concello está achegando os cartos adebedados pola entidade, que o que están a reclamar é o importe co que se atoparon cando entraron no goberno municipal e en canto a se a considera de difícil cobro, di que está tan seguro de que a entidade vai plantar batalla como que se vai a cobrar a débeda.

2.- Sobre das partidas de asfaltados, di que a contestará no seguinte pleno.

3.- Polo que respecta á proposta de designar a don Horacio Pegito como Alcalde Honorífico de Vedra, di que está aberto o expediente, e que poderán facer as valoracións que estimen pertinentes, aínda que cre que demostran un gran descoñecemento da súa figura, e que el si considera que o pobo por unanimidade o considera merecedor desa distinción tan importante.

4º.- Sobre da modificación do PXOM repítelle que nesta lexislatura a súa intención é levar adiante a modificación do mesmo que lle permita a lei.

5º.- Rogos e preguntas.

--Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE formula as seguintes preguntas:

1º.- Cal é o motivo de que se recollan os currículos de traballadores/as para a empresa Clece, S.A, pois entenden que é unha empresa o suficientemente grande e con capacidade para recollelos ela?. A cambio de que se reciben no Concello?



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



2º.- En canto á resposta da Presidencia sobre do dispositivo de emerxencias, que xa estaba instaurado antes de chegar ao goberno, recórdalle que no pasado exercicio publicaron na páxina web municipal unha reunión do Director Xeral de Emerxencias para buscar unha solución porque Vedra e Boqueixón están nunha zoa de sombra, e á vista da reposta e hoxe ten máis claro que foi buscar unha foto.

A Presidencia di que se trata de dous temas diferentes; unha cousa son os incendios de verán e outros os incendios urbanos, que é un tema complexo da Mancomunidade de Compostela e do Parque de Bombeiros de Santiago.

A concelleira dille que ela se refire a calquera tipo de emerxencias.

3º.- Con respecto ás pistas municipais, efectivamente non é só esa de Paizás a que necesita unha limpeza, de cara ao inverno esperan que previsiblemente os cartos que puxo a Deputación este exercicio, que ascenden a 34.000 euros, para a creación de emprego, xa non exista dificultade de persoal e se poidan limpar.

--O Sr. Lago do PSdG-PSOE faille traslado ao pleno dun pedimento de veciños que non se poden conectar vía streaming e tampouco lle funcionan os audios, propoñendo que se poidan colgar en Youtube, como se fai neutros concellos, co cal sería un paso máis cara a transparencia municipal.

--O Sr. Castro do BNG-AA sinala que con respecto á oferta de traballo da empresa Clece S.A o seu grupo non vai preguntar nada, xa que coas explicacións dadas por algún concelleiro (nas redes sociais, facebook para ser máis exactos) o asunto quedou máis ou menos claro; e polo que respecta ao reparto de alimentos alégrase profundamente de que a información que lles trasladaron fose en parte inexacta, e da resposta sobre do contencioso coa empresa Viaqua, SAU, di que o que finalmente fixo o concello foi acceder a pagar no Xulgado o que debera ter pagado no seu día anualmente ou como se acordaran os pagos, polo tanto tampouco hai que vender máis vitoria, senón que cos custes procesuais que supón fixo fronte ao que non se pagara, e de todos os xeitos o pagamento era o que lle reclamaron ata outubro de 2014 e dende esta data ata a actualidade o procedemento que está a ter o concello polas informacións que dá ao pleno é o mesmo.

A Presidencia di que o informe do perito xudicial inclúe tamén as taxas correspondentes ao exercicio 2015.

De seguido formula as seguinte preguntas:

1.- O Culturgal é a feira das industrias culturais máis importante do país. Este ano celebrarase os días 2,3 e 4 de decembro no Pazo da Cultura de Pontevedra. (info e contacto en www.cultur.gal)

No pleno celebrado o 23 de novembro o grupo de goberno accedeu á proposta que fixemos o BNG-Asembleas Abertas relativo á participación de Vedra no Culturgal. Este acordo inclúe que Vedra teña un stand no Culturgal 2016 para a difusión e promoción cultural de Vedra e os produtos culturais das distintas asociacións ...

Nestes días abriuse o prazo para a reserva e para a presentación de propostas para o programa do Culturgal 2016. Pedimos pois ao grupo de goberno que se constituía xa unha mesa de traballo na que teñan presenza todos os interesados na participación, dándolle traslado desta proposta ás asociacións, agrupacións, compañías, colectivos ou empresas culturais residentes no noso concello.

2.- Cal é o estado legal (titularidade) da casa da irmandade de Santa Cruz?



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



3.- Sobre do déficit de financiamento do servizo de asistencia no fogar, segundo informe da Secretaría-Intervención rexistrado o 12/02/2016, nº 179, existe un déficit de financiamento do Servizo de Asistencia no Fogar: o custe real da hora di que é de 14,56 €/hora en canto que o Sr. Alcalde está a aceptar do Goberno da Xunta achegas de 9,50 €/hora (ou sexa, a Xunta paga pouco máis da metade do custo real do servizo).

Qué xestións ten feito o Sr. Alcalde ante Fegamp ou Xunta para que esta faga a achega acorde ao custe real de prestación do servizo?

4.- O concello vén utilizando a área entre o colexio de Vedra – polideportivo e centro 3ª idade como depósito de aglomerado. Este uso xa non é excepcional, converteuse en habitual. Non é intención traer a colación agora o cumprimento ou non da normativa ambiental sobre o manexo destes produtos; pois esperamos do goberno que retire o mesmo e faga provisión no lugar axeitado.

5.- En canto ao estado de abandono das beiras das vías, é patente e evidente os estado de falla de limpeza (roza) das beiras das vías en todo o concello; estado que prexudica, sobre todo, e pon en risco ás persoas a pé; aumentando o risco de atropelos. (Non se trata dunha cuestión estética, estamos falando dunha cuestión de seguridade).

Da información que recibimos, o BNG-Asembleas Abertas cáusanos sorpresa á falla de organización e coordinación do traballo.

Non se xustifica nin pola meteoroloxía (que sempre vale para xustificar case todo), nin pola falla de medios materiais. Hai unha evidente falla de organización. O resultado é o que todos vemos: ocupación de broza e herba por todas as vías. Para o BNG-AA urxe que reponan a situación de normalidade.

6.- Unha Sra. chamada Marta González Vázquez, ex-concelleira do PP durante parte dos anos escuros do goberno de Compostela, candidata do PP ao Congreso nas eleccións que se celebran este domingo (na candidatura do PP que teñen dereito a votar as veciñas/os de Vedra) alertou hai uns día a comerciantes da praza de Abastos de Compostela: “o alcalde de aquí – de Compostela - é amigo dos de Venezuela, e en Venezuela non hai nin papel hixiénico ... a cousa está como está”. (gravación difundida pola Cadena Ser)

Esta señora, que ocupa postos de responsabilidade nas administracións e no PP, supoño que terá datos fundados para a premonición dun estado de falla de abastecemento e caos en Compostela.... e que a vostede (señor Alcalde) co que partilla organización terao ben informado, polo que lle pregunto se vostede para o caso de Vedra, no que numerosas veciñas/os teñen intereses comerciais en Compostela ten prevista algunha acción/medida para a defensa dos intereses dos veciños de Vedra en Compostela, ante ese estado que describe a súa compañeira.

--O Sr. Pose do BNG-AA Vedra solicita o cadro de traballo das auxiliares do servizo de axuda no fogar dos últimos dous meses, sen nomes nin das traballadores nin dos usuarios, asignándolle un código que estimen procedente.

Quere ademais deixar constancia da queixa pola convocatoria da comisión informativa de urbanismo para un tema tan importante, e que anunciou no pleno pasado, para cinco días despois deste pleno parécelle que lle están a tomar o pelo.

--O Sr. Lago di que xa solicitou que despois das obras no pavillón que se limpase a zona, e dado que aínda pinchou unha roda recentemente, reitera de novo a limpeza dada a cantidade de coches e nenos/as nesa zona, estando ademais de acordo co Sr. Castro do BNG-AA Vedra para que non se use esa zona para depósito de aglomerado e outros materiais.

--O Sr. Castro solicita unha vez máis copia da Conta xeral do exercicio 2015.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e trinta e cinco minutos.